



# CAMIÑANDO POLA COSTA DE MARÍN

Adela Leiro, Mon Daporta  
xaneiro 2019



**Distancia:** 12 km (lineal)  
**Dificultade:** media



MARÍN. Porto.



Vista da cidade de Marín



Asteiros no porto de Marín.

Un roteiro de interese paisaxístico e natural. Unha sucesión de puntas rochosas e seos nos que se acollen os areais. Unha sucesión de subidas, para superar as puntas, e baixadas, para achegarse á area, por camiños, estradas, rúas e carreiros, areais e rochas.

As puntas son todas de forte pendente, ou paredes verticais, e están ocupadas por plantacións de piñeiros e eucaliptos, e o resto do espazo, a non ser os areais e non sempre, está privatizado ata máis alá da liña da marea, algúns tan alá que teñen lapas e arneiróns asentados nos muros de contención, o que xunto con que moitos dos accesos son invisibles, fan imposible un percorrido continuo, pero esforzándose un pouco podemos pasar por, ou moi preto de, todos os puntos de interese.

**Ría de Pontevedra.** É a máis pequena das rías baixas e ábrese, seguindo unha fractura con dirección SO-NE, entre as puntas de Cabcastro, ao norte e o cabo Udra, ao Sur. Está separada da ría de Vigo pola península do Morrazo. O río máis importante que desauga nela é o Lérez e do Castrove e Domaio baixan pequenos regatos. É unha ría moi poboada e con intensa actividade pesqueira, marisqueira e industrial.



## PERCORRIDO

Comezamos na alameda de Marín e temos por diante uns 800 m de percorrido urbano, rodeando o valado da Escola Naval, para entrar nunha estradiña con beirarrúa acondicionada, espazo para bicicletas e circulación de automóbiles nun só sentido, que transita moi próxima á liña da costa, por ela baixamos a **punta de Debaixo dos Pinos** para chegar á **praia de Portocelo**, pasamos a **punta de Rabuñagatos** para acadar a **praia de Mogor**, onde ademais do areal podemos ver os coñecidos **petróglifos** que se atopan ao seu carón. Aquí podemos seguir pola estrada, un pouco ao interior para subir e rodear a **punta da Moa**, ou cruzar pola area ata o remate da praia onde temos unha subida á estrada, na punta da Moa hai un miradoiro sobre a ría, e pasada a punta da Moa, seguindo a estrada -é imposible facelo por outro sitio-, camiñamos cara á **praia de Aguete**. Cando a estrada chega ao pé da praia temos á dereita un camiño polo que podemos baixar á **praia de San Blas** e desde ela, pasando polo **con de San Blas**, entramos na **praia de Aguete** e, camiñando pola area, chegar ata o porto.

Desde o **porto de Aguete** saímos pola estrada principal, pola que temos que camiñar uns 500 m, para atopar un desvío á dereita que nos permita ir a **Loira** e baixar á praia para ver de preto e percorrer a súa acumulación de area, darlle a volta á frecha, seguir o camiño ata a **punta de Loira** e coller por detrás da salgadura para rodear, mentras vai gañando altura ata situarnos a máis de 50 m sobre o nivel do mar con varios puntos panorámicos e so algúns carreiros por entre toxos da altura dunha persoa polos que baixan ás rochas os pescadores, no **monte Sobareiro**. Do monte Sobareiro pasamos ao **monte da Cova** onde aínda subimos un pouco máis para baixar logo a **Teoira**, uns 2 km. En Teoira hai un camiño con piso de cemento que vai dar a outro de terra que percorre a parte alta da praia, que ten por diante o **illote Pinela**, o camiño desemboca nunha rúa que nos leva á **praia do Santo do Mar** e desde ela, se a marea está baixa, podemos pasar á **praia da Coviña** e á de **Lapamán** onde remata o término municipal de Marín. Con marea hai un carreiro que permite subir case no remate da **praia do Santo** e logo por entre unhas casas outro polo que se pode baixar á **praia da Coviña**. Desde a praia da Coviña hai que volver á estrada e pasar por ela a punta de Lapamán para poder baixar á praia xa en Bueu.



Petroglifos de Mogor, declarados Ben de Interese cultural en 1975. A carón da praia hai un centro de Interpretación dos petróglifos e un pequeno roteiro guiado.



Punta Debaixo dos Pinos



Praia de Portocelo



Punta Rabuñagatos



Praia de Mogor



Punta da Moa



Punta Con de San Blas

Praia de Aguete



Petón do Chirleu



Praia Niño do Corvo



Punta Chirleu



Punta Casas Chaparro



Praia e rego de Loira



Punta de Loira





Punta Pescante (Monte Sobareiro)



Puntas Riscada



Vista dos montes Sobareiro e da Cova, e Teoira



Illote Pinela



Praia da Ribeira de Teoira



Illas do Santo do Mar e punta de Casás.



Illas do Santo do Mar ou de San Clemente. É accesible coa marea baixa. Conserva os restos dunha antiga capela.



Praia do Santo



Praia da Coviña



Punta Lapamán



Punta Lapamán



Praia e punta de Lapamán e illa do Santo do Mar